

dos bens e dereitos necesarios para esta actuación, os cales aparecen recollidos e valorados no citado proxecto.

A competencia para efectuar a declaración de urxente ocupación tena atribuída a Xunta de Galicia en virtude do artigo 2 do Decreto 156/1982, do 15 de decembro, sobre asunción de transferencias en materia de estradas, e a súa asignación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas mediante o Decreto 316/2009, do 4 de xuño, no cal se establece a súa estrutura orgánica.

En virtude de todo o exposto, e en aplicación do artigo 28.2º do Estatuto de autonomía de Galicia e dos artigos 10 e 52 da Lei de expropiación forzosa, en relación con previsto no artigo 16 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e logo da deliberación do Consello da Xunta na súa reunión do día nove de xullo de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo único.-Declarar a utilidade pública e a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios e que se concretan no expediente administrativo instruído, así como en calquera das modificacións que sexa necesario realizar para a súa execución, para os efectos de expropiación no proxecto de trazado da obra de acondicionamento da estrada PO-221, treito Caldas de Reis (N640)-Moraña (clave PO/06/154.01).

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2009.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Resolución do 3 de xuño de 2009 pola que se aproba a lista provisional de anteprojectos admitidos e excluídos ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2008, pola que se determina o obxectivo de potencia máxima en megawatts para tramitar no período 2008-2012 e se abre o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de centrais de biomasa.

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Mediante a Orde do 14 de novembro de 2008 (*Diario Oficial de Galicia* número 229, do 25 de novembro) abriuse o prazo para a presentación de solicitudes de autorización de centrais de biomasa,

consonte o previsto no artigo 7 do Decreto 149/2008, do 26 de xuño, polo que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa forestal primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo.-Durante o prazo de tres meses establecido para o efecto presentaron solicitudes as empresas e entidades que se relacionan no anexo I desta resolución.

Fundamentos de dereito.

Primeiro.-A Consellería de Economía e Industria é a competente para a tramitación deste procedemento consonte o Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Segundo.-O artigo 8.3º do Decreto 149/2008, do 26 de xuño, establece que, unha vez expirado o prazo para a presentación de solicitudes, a consellería competente en materia de enerxía ditará resolución en que se aprobe a lista de anteprojectos admitidos e excluídos, e outorgará un prazo de dez días hábiles para que as promotoras que presentaron solicitudes que non reunisen os requisitos exixidos emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos.

Revisadas as solicitudes indicadas no antecedente de feito segundo, observouse que nalgúns casos a documentación presentada non reúne os requisitos que exige o artigo 8 do Decreto 149/2008, do 26 de xuño, ou ben que xunto coa solicitude non se presentou toda a documentación requirida pola normativa aplicable, polo cal se deben considerar solicitudes provisionalmente excluídas mentres non se emenden as faltas ou se acheguen os documentos preceptivos.

Terceiro.-A disposición transitoria do decreto determina que se incorporarán automaticamente á primeira convocatoria realizada para a admisión a trámite de solicitudes de instalacións de xeración de enerxía eléctrica a partir da valorización enerxética da biomasa as solicitudes xa presentadas na data de entrada en vigor do decreto. Neste suposto débese comunicar a documentación que deben achegar para completar a súa solicitude, de ser o caso.

En cumprimento do previsto pola dita disposición transitoria, relaciónanse no anexo II a esta resolución aquelas solicitudes xa presentadas no momento da entrada en vigor do decreto que se incorporan automaticamente á convocatoria. Analogamente ao disposto no fundamento segundo deben considerarse solicitudes provisionalmente excluídas mentres non emenden as faltas ou se acheguen os documentos preceptivos as que non reúnan os requisitos que exige o artigo 8 do Decreto 149/2008, do 26 de xuño, ou ben xunto coa solicitude non presentasen toda a documentación requirida pola normativa aplicable

Polo exposto,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a relación de solicitudes presentadas ao abeiro da Orde do 14 de novembro de 2008 e a relación das solicitudes incorporadas en aplicación do previsto na disposición transitoria do Decreto 149/2008, que figuran como anexos I e II, respectivamente, desta resolución.

Segundo.-Declarar provisionalmente excluídas as solicitudes que se relacionan no anexo III desta resolución.

Terceiro.-A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, como unidade tramitadora deste procedemento, notificará o contido da resolución aos solicitantes incluídos no anexo III, na parte que afecte os seus dereitos e intereses, outorgándolles un prazo de dez días hábiles para que poidan emendar a falta ou achegar os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixesen, se terán por desistidos da súa petición na resolución que se dite unha vez rematado o procedemento de selección dos anteprojectos presentados.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2009.

P.D. (Orde 30-4-2009, DOG nº 87, do 6 de maio)

José Riesgo Boluda

Secretario xeral da Consellería de Economía e Industria

ANEXO I

Relación de solicitantes e solicitudes presentadas á convocatoria para a presentación de solicitudes de autorización de centrais de biomasa (Orde do 14 de novembro de 2008, DOG nº 229, do 25 de novembro)

Solicitante	Nome da planta	Localización	Potencia en MW
Areva R SAS	TSX	Vimianzo (A Coruña)	9,900
Bioenergálíca, S.L.	Laza	Laza	10,000
Bioenergálíca, S.L.	Cotobade	Cotobade	10,000
Cespa, Compañía Española de Servicios Auxiliares, S.A.	Ribadavia	Ribadavia (Ourense)	5,016
Comsa Energías Renovables, S.L.	Biodegal Noroeste, S.L.	Cabana de Bergantiños	6,500
Ecovento, a Enerxía do Coñecemento, S.L.	Lourenzá	Vilanova de Lourenzá	2,000
Ecovento, a Enerxía do Coñecemento, S.L.	O Saviñao	O Saviñao	2,000
Enel Unión Fenosa Renovables	Begonte	P.I. Begonte-Rábade	10,000
Enel Unión Fenosa Renovables	Mazaricos	Pino do Val, Mazaricos	10,000
Enel Unión Fenosa Renovables	Curtis (2)	Rúa Vilasantar, Parcela F-15, PI Teixeiro	10,000
Enerxía Galega da Biomasa, S.L.	Ponteareas	Ponteareas	10,000
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	Terra Chá	Vilalba	10,000
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	Cervantes	Cervantes	2,000
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	Cualedro	Cualedro	2,000
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	Forcarei	Forcarei	2,000
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	A Veiga	A Veiga	2,000

Solicitante	Nome da planta	Localización	Potencia en MW
Gestamp Biomasa 4, S.L.	Biomasa de Viveiro	Viveiro	10,000
Gestamp Biomasa Galicia 1, S.L.	Biomasa de Cotobade	Cotobade	10,000
Gestamp Biomasa Galicia 2, S.L.	Biomasa de Monterrei	Monterrei	10,000
Gestamp Biomasa Galicia 3, S.L.	Biomasa de Nabela	Lugo	10,000
Grupo Empresarial Ence, S.A.	Curtis	PI Teixeiro, Curtis (parcelas B11, B12, B13 e B14)	10,000
Grupo Empresarial Ence, S.A.	Pontevedra	Complexo Industrial Ence, Pontevedra	10,000
Grupo Empresarial Ence, S.A.	As Pontes	Parcela C2-P.I. Penapurreira, As Pontes	10,000
Industrias del Tablero, S.A. (Intasa)	Intasa	San Sadurniño	7,000
Loeda Cogeneración, S.L.	Sarreaus	Sarreaus	10,000
Montelimpco, S.A.	Salvaterra do Miño -As Neves	Salvaterra de Miño -As Neves	6,380
Montelimpco, S.A.	Barro-Meis	Barro-Meis	10,000
Puerto de Celeiro, S.A.	Riotorto	Pol. Ind. Villarín, Riotorto	2,000
Renova, Generación de Energías Renovables, S.L.	Salvaterra do Miño	Salvaterra de Miño	10,000
Renova, Generación de Energías Renovables, S.L.	Vimianzo	Vimianzo	10,000
Renova, Generación de Energías Renovables, S.L.	Curtis-Teixeiro	Curtis	10,000
Talas y Desbroces, S.A.-Tadesa	Santa Comba	Santa Comba (A Coruña)	10,000
Ventauria Enerxía Rural, S.A.	Electricidade Rural I	Avión	1,998
Ventauria Enerxía Rural, S.A.	Electricidade Rural II	Carballeda de Avia	1,998
Ventauria Enerxía Rural, S.A.	Electricidade Rural III	Pantón	1,998
Ventauria Enerxía Rural, S.A.	Electricidade Rural IV	Piñor de Cea	1,998
Xeración Rural, S.L.	Central Biomasa A Baña	A Baña	7,000
Xeración Rural, S.L.	Central de Biomasa Vilalba	Vilalba	10,000

ANEXO II

Disposición transitoria do Decreto 149/2008.

Solicitudes presentadas antes da entrada en vigor do decreto que se incorporan automaticamente á convocatoria

Solicitante	Nome da planta	Localización	Potencia en MW
Biomasa de Cerceda, S.L.	Cerceda Grupo I	Polígono Ind. O Acevedo-Cerceda	9,900
Biomasa de Cerceda, S.L.	Cerceda Grupo II	Polígono Ind. O Acevedo-Cerceda	9,900
Enerxéticas Trobis, S.L.	Monterrei	Monterrei	10,000
Enrega, S.L.	Bioenrega Mariña Lucense	Foz	27,231
Enrega, S.L.	Bioenrega Sur de Pontevedra	O Porriño-Ponteareas	18,054
Norvento Biomasa, S.L.	Mondoñedo	Polígono Ind. de Mondoñedo	5,000
Norvento Biomasa, S.L.	Curtis Norvento	Polígono Ind. Curtis-Teixeiro	5,000
Norvento Biomasa, S.L.	Monforte de Lemos	Polígono Ind. de Monforte de Lemos	5,000
Norvento Biomasa, S.L.	Reigosa	Pol. Ind. Reigosa - Ponte Caldelas	5,000
Norvento Biomasa, S.L.	Ordes	Ordes	5,000

ANEXO III

Relación de solicitudes provisionalmente excluídas con indicación da causa de exclusión

Solicitante	Nome da planta	Localización	Potencia en MW	Causa exclusión
Areva R SAS	TSX	Vimianzo (A Coruña)	9,900	01, 02, 03, 04, 05
Bioenergícalia, S.L.	Cotobade	Cotobade	10,000	01, 03, 04, 05
Bioenergícalia, S.L.	Laza	Laza	10,000	01, 03, 04, 05
Biomasa de Cerceda, S.L.	Cerceda Grupo I	Polígono Ind. O Acevedo-Cerceda	9,900	01, 02, 03, 04, 05
Biomasa de Cerceda, S.L.	Cerceda Grupo II	Polígono Ind. O Acevedo-Cerceda	9,900	01, 02, 03, 04, 05
Cespa, Compañía Española de Servizos Auxiliares, S.A.	Ribadavia	Ribadavia (Ourense)	5,016	02, 03, 04, 05
Comsa Energías Renovables, S.L.	Biodegal Noroeste, S.L.	Cabana de Bergantiños	6,500	01, 02, 03, 04
Ecovento, a Enerxía do Coñecemento, S.L.	Lourenzá	Vilanova de Lourenzá	2,000	01, 02, 03, 04, 05
Ecovento, a Enerxía do Coñecemento, S.L.	O Saviñao	O Saviñao	2,000	01, 02, 03, 04, 05
Enel Unión Fenosa Renovables	Begonte	P.I. Begonte-Rábade	10,000	04, 05
Enel Unión Fenosa Renovables	Curtis (2)	Rúa Vilasantar, Parcela F-15, PI Teixeira	10,000	04, 05
Enel Unión Fenosa Renovables	Mazaricos	Pino do Val, Mazaricos	10,000	04, 05
Enerxéticas Trobis, S.L.	Monterrei	Monterrei	10,000	01, 02, 03, 04, 05
Enerxía Galega da Biomasa, S.L.	Pontearreas	Pontearreas	10,000	04, 05
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	A Veiga	A Veiga	2,000	04, 05
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	Cervantes	Cervantes	2,000	04, 05
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	Cualedro	Cualedro	2,000	04, 05
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	Forcarei	Forcarei	2,000	04, 05
Enerxías Renovables de Galicia, S.A.	Terra Chá	Vilalba	10,000	04, 05
Enrega, S.L.	Bioenrega Mariña Lucense	Foz	27,231	01, 02, 03, 04, 05
Enrega, S.L.	Bioenrega Sur	O Porriño-de Pontevedra	18,054	01, 02, 03, 04, 05
Gestamp Biomasa 4, S.L.	Biomasa de Viveiro	Viveiro	10,000	01, 02, 03, 04, 05
Gestamp Biomasa Galicia 1, S.L.	Biomasa de Cotobade	Cotobade	10,000	01, 02, 03, 04, 05
Gestamp Biomasa Galicia 2, S.L.	Biomasa de Monterrei	Monterrei	10,000	01, 02, 03, 04, 05
Gestamp Biomasa Galicia 3, S.L.	Biomasa de Nadela	Lugo	10,000	01, 02, 03, 04, 05
Grupo Empresarial Ence, S.A.	As Pontes	Parcela C2 - P.I. Penapurreira, As Pontes	10,000	04, 05
Grupo Empresarial Ence, S.A.	Curtis	PI Teixeira, Curtis (parcelas B11, B12, B13 e B14)	10,000	04, 05
Grupo Empresarial Ence, S.A.	Pontevedra	Complexo Industrial Ence, Pontevedra	10,000	04, 05
Industrias del Tablero, S.A. (Intasa)	Intasa	San Sadurniño	7,000	04, 05
Loeda Cogeneración, S.L.	Sarreaus	Sarreaus	10,000	05
Montelimpio, S.A.	Barro-Meis	Barro-Meis	10,000	04, 05
Montelimpio, S.A.	Salvaterra do Miño-As Neves	Salvaterra de Miño-As Neves	6,380	04, 05
Norvento Biomasa, S.L.	Curtis Norvento	Polígono Ind. Curtis-Teixeiro	5,000	01, 03, 04, 05
Norvento Biomasa, S.L.	Mondoñedo	Polígono Ind. de Mondoñedo	5,000	01, 03, 04, 05
Norvento Biomasa, S.L.	Monforte de Lemos	Polígono Ind. de Monforte de Lemos	5,000	01, 03, 04, 05

Solicitante	Nome da planta	Localización	Potencia en MW	Causa exclusión
Norvento Biomasa, S.L.	Ordes	Ordes	5,000	01, 03, 04, 05
Norvento Biomasa, S.L.	Reigosa	Pol. Ind. Reigosa-Ponte Caldelas	5,000	01, 03, 04, 05
Puerto de Celeiro, S.A.	Riotorto	Pol. Ind. Villarín, Riotorto	2,000	04, 05
Renova, Generación de Energías Renovables, S.L.	Curtis-Teixeiro	Curtis	10,000	02, 03, 04
Renova, Generación de Energías Renovables, S.L.	Salvaterra do Miño	Salvaterra de Miño	10,000	02, 03, 04, 05
Renova, Generación de Energías Renovables, S.L.	Vimianzo	Vimianzo	10,000	02, 03, 04
Talas y Desbroces, S.A.-Tadesa	Santa Comba	Santa Comba (A Coruña)	10,000	01, 02, 03, 04, 05
Ventauria Enerxía Rural, S.A.	Electricidade Rural I	Avión	1,998	01, 04, 05
Ventauria Enerxía Rural, S.A.	Electricidade Rural II	Carballeda de Avia	1,998	01, 04, 05
Ventauria Enerxía Rural, S.A.	Electricidade Rural III	Pantón	1,998	01, 04, 05
Ventauria Enerxía Rural, S.A.	Electricidade Rural IV	Piñor de Cea	1,998	01, 04, 05
Xeración Rural, S.L.	Central Biomasa A Baña	A Baña	7,000	01, 04
Xeración Rural, S.L.	Central de Biomasa Vilalba	Vilalba	10,000	01, 04

Códigos de causas de exclusión:

01: Falta de acreditación capacidade legal

02: Falta de acreditación capacidade técnica

03: Falta de acreditación capacidade económica

04: Anteproxecto incompleto

05: Plan empresarial de aproveitamento da biomasa incompleto

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 10 de xullo de 2009 pola que se fai pública a resolución do concurso público de axudas a estudantes universitarios para estadías nalgún Estado membro da Unión Europea co obxecto de coñecer a lingua dese país, convocadas pola Orde do 20 de febreiro de 2009.

Mediante Orde do 20 de febreiro de 2009, DOG do 4 de marzo, aprobáronse as bases e procedeuase á convocatoria de axudas a estudantes universitarios para estadías nalgún Estado membro da Unión Europea co obxecto de coñecer a lingua dese país.

De acordo co establecido no artigo 6 das bases da convocatoria, desde o día 7 ao 18 de maio de 2009 expuxéronse as listas provisionais de solicitudes admitidas e excluídas por documentación, e puideron durante ese mesmo prazo os interesados formular AS reclamacións ou emendar erros e falta de documentación.

Transcorrido ese prazo, as solicitudes admitidas foron estudadas pola comisión avaliadora nomeada na propia orde de convocatoria.

En consecuencia, de acordo co establecido no artigo 10º das bases da convocatoria e atendendo ao informe-proposta elevado pola citada comisión ava-